

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e o concelleiro **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora Municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^a OFELIA REY RECIMIL**
D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONES.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

7º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-la acta correspondente ás sesións do 26 de novembro, 03 e 10 de decembro de 2007.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o Xosé Comeselle Romero en representación de CC.OO., Rexistro de Entrada n^o 7876, de data 17 de decembro de 2007, comunicando que o vindeiro día 12 de

xaneiro de 2008 terá lugar o inicio do proceso electoral para representantes dos traballadores do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada deste escrito.

2.2.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 7839, de data 14 de decembro de 2007, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2007-101219-00000261 por infracción á normativa de residuos contra Dº Luis Rendo Araujo por abandono de vehículo matrícula C-6315-BN, marca: Volkswagen, modelo: Golf 1.6 TD, en Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº Luis Rendo Araujo para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

2.3.- Escrito da Federación Española de Municipio e Provincias, Rexistro de Entrada nº 7887, de data 17 de decembro de 2007, informando sobre o Servizo de Asesoramento Técnico e Información (SATI) sobre infraestructuras de radiocomunicación e o Código de Boas Prácticas (CBP) para a instalación de telefonía móbil.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.4.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 7913, de data 18 de decembro 2007, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de novembro de 2007 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Villaverde Somoza Victoriano	Rúa República Argentina, 11-4D (Silleda)
Carballude Fernández Carlos	Rúa República Argentina, 11-2C (Silleda)
Regueira Vence Susana	Rúa de Morón, s/n-1G (Silleda)
DeDomingo Montero Mariano	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-2F (Silleda)
Jiménez Iglesias Emilio	Rúa República Argentina, 11-1C (Silleda)
Recambios Campaza S.L.	Rúa Gral. Franco, 48 bj (Silleda)
Domínguez Colmenero María Rosa	Rúa Venezuela, 3 bj (Silleda)
Cuiña Fernández José Enrique	Rúa Agro do Balo, 6-1Izq (Bandeira)
Arturo Iglesias Penas S.L.	Políg. Área 33, Parc, 5A (Silleda)
Comunidad Prop. Edif. Os Arcos	Rúa Outeiro, 8 (Silleda)
Comunidad Prop. Edif. A. Pérez	Rúa Emilio Alonso Paz, 14 (Silleda)
Fernández González Agustín	Rúa República Argentina, 20 Bj (Silleda)
Vilas Vázquez Renato Daniel	Rúa Sta. Eulalia, 18-3A (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local

para súa aprobación se procede.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas ” do PSA/2006.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº un, polo importe de 16.000,00 □□□, correspondente a obra “Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas” do PSA/2006, executada por FERTAF Obras y Servicios S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº un da obra Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas” do PSA/2006, por importe de 16.000,00 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico- Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
14.12.07	142	FERTAF Obras y Servicios	16.000,00 □□□

3.2.- “Captación y canalización de aguas en zona rural de Silleda ” do POL/2006, nº 633.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº un e única , de data 30 de novembro de 2.007, polo importe de 101.766,18 □□□, correspondente a obra “Captación y canalización de aguas en zona rural de Silleda” do POL/2006, nº 633, executada por FERTAF Obras y Servicios S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº un é única da obra “Captación y canalización de aguas en zona rural de Silleda” do POL/2006, nº 633, por importe de 101.766,18 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico- Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar as facturas correspondentes a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30.11.07	138	FERTAF Obras y Servicios	101.766,19 □□□

3.3.- “Abastecimiento de agua en Taboada, Margaride y Piñeiro ” do PSA/2006.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº un, polo importe de 20.386,70 □□□, correspondente a obra “Abastecimiento de agua en Taboada, Margaride y Piñeiro” do PSA/2006, executada por FERTAF Obras y Servicios S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº un da obra Abastecimiento de agua en Taboada, Margaride y Piñeiro” do PSA/2006, por importe de 20.386,70 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico- Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
141207	141	FERTAF Obras y Servicios	20.386,70 □□□

3.4.- Dase conta do Plan de Seguridade e Saúde da obra denominada “1ª Fase de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”, presentado por Constructora e Promotora Nueva Vista S.L., mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 7773, de data 10 de decembro de 2007, adxudicataria da realización desta Obra.

A Xunta de Goberno Local, visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra anteriormente mencionada, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación.

3.5.- Escrito de Dº Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 7820, de data 13 de decembro de 2007, solicitando devolución de aval provisional constituído por un importe de 2.400,00 □□□, presentado xunto coa oferta para o concurso da obra “Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á devolución do aval anteriormente mencionado.

3.6.- Sendo necesario para este Concello proceder a adquisición a título oneroso dun inmovible que esté situado entre as cotas 267 e 275 do plano de concentración parcelaria de Cervaña. Lamela-Piñeiro, para destinalo á construción dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) que terá por obxecto cubrir as necesidades de saneamento do lugar de Bandeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Que se emita informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para adquirir o citado ben inmovible polo Concello.

SEGUNDO: Que polos Servizos Técnicos Municipais se emita informe sobre as características e situación que debe ter o ben inmoble que se vaia a adquirir e unha valoración aproximada do mesmo.

TERCEIRO: Que, unha vez coñecida a valoración, pola Intervención se emita informe sobre a existencia de consignación orzamentaria para a adquisición onerosa dun ben inmoble.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Dase conta da resolución dictada o 23 de outubro de 2.007 pola directora xeral de Transportes, Mar Chao López, actuando por delegación de competencias da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Orde do 22 de maio de 2.007, DOG do 7 de xuño) pola que se resolve outorgarao Concello de Silleda unha subvención total de 16.654,25 euros, para a realización dun servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca “NoiteBús”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Aceptar a subvención concedida de de 16.654,25 euros, para a realización dun servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca “NoiteBús”.

4.2.- Escrito da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 7835, de data 14 de decembro de 2007, remitindo resolución correspondente ó expediente IN417A/07A0455, tendo por desistido ao solicitante da petición de axudas encamiñadas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

4.3.- Escrito da Secretaría Xeral da Igualdade - Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 7836, de data 14 de decembro de 2007, remitindo resolución en relación á solicitude presentada por esta entidade, ao abeiro da orde do 30 de maio, pola que se establecen axudas para programas de apoio a familias mono parentais.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

4.4.- Escrito do Consello Reitor do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, Rexistro de Entrada nº 7700, de data 05 de decembro de 2007, remitindo acordo da sesión celebrada polo mencionado Consello o pasado día 21 de novembro de 2007, polo que se presta conformidade ó pago dunha subvención de 2.400 □□□, a favor do Concello de Silleda, para a realización de prácticas en oficinas de turismo durante o ano 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e dar traslido do mesmo ó Axente de Desenrolo Local.

4.5.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7701, de data 05 de decembro de 2007, comunicando que a Xunta de Goberno Local da mencionada

Deputación, na súa sesión do día 28 de novembro de 2007 aprobou a proposta de concesión de subvencións a escolas de música, correspondéndolle a este concello a cantidade de 7.505,00 € para “gastos de funcionamento da escola de música”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á intervención para que proceda a remitir á Deputación Provincial, certificado acreditativo da toma de razón na contabilidade e declaración de haber recibido ou non outras axudas para esta finalidade.

4.6.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7815, de data 13 de decembro de 2007, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación nº Uno/Final da obra nº 281/684 do PAM 2006-08, denominada “Mobiliario para local social e outros servizos da Terceira Idade”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Licencias de Obra Maior:

5.1.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:** PROMOCIONES RIANCAR, S.C., con domicilio na rúa Camilo José Cela, nº 2 - Bandeira (Silleda).
- b) **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:**
Legalización de entreplanta en baixo existente.
- c) **SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS:** Praza da feira, esquina coa rúa Renque da Froita, Bandeira (Silleda).
- d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:** Antonio R. Albacete Giménez (Dirección de obra: Non procede).
- e) **CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:** 13.975,00 € (execución material)
- f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados nos informes do asesor técnico municipal, de data 11 de decembro de 2007.
- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e

particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 6999/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € (informe técnico) e 314,44 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

5.2.- Actividades Clasificadas

5.2.1.- Licencia Nº 1388/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dona Nieves Sánchez Diéguez, solicitando Licencia de actividade para construción dun silo forraxeiro, anexo a explotación agrícola, a situar no núcleo rural de Balántiga, nº4, parroquia de Escuadro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 10 de maio de 2007, (Rexistro de Entrada nº 2235, de data 24 de maio de 2007) concede a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 15 de novembro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7594, de data 30 de novembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e nociva c.d 012.42 e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previo ao outorgamento da licenza de actividade deberá aportar informe favorable do xefe local de sanidade. O chan baixo os silos será impermeable e canalizaranse os seus vertidos á fosa de xurro ou fosa séptica axeitada a tal efecto. As fosas serán estancas e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as

prescripci3ns legais.

CONSIDERANDO : Que en data 11 de decembro de 2.007, con n3mero de rexistro de entrada 7798, Dona Nieves S3nchez Di3guez solicitou o cambio de titularidade do expediente tramitado para a conces3n de licencia de actividade para a construcci3n de silo forraxeiro, anexo a explotaci3n agr3cola, a situar no nucleo rural de Bal3ntiga n3 4, parroquia de Escuadro, a favor de S.A.T. Juanito, con domicilio en Bal3ntiga 4, Escuadro, Silleda.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a conces3n da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade 3 S.T.A. Juanito**, CONDICIONADA esta 3ltima 3 cumprimento das observaci3ns e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisi3n Provincial de Medio Ambiente as3 coma 3 cumprimento do disposto na autorizaci3n previa da Direcci3n Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que ser3 indispensable que se te3a levantado acta de comprobaci3n, que o interesado deber3 solicitar a este Concello, a cal ter3 que ser favorable, achegando 3 petici3n certificado do t3cnico director das obras ou instalaci3ns no que se especifique a conformidade das mesmas cos t3rminos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, seg3n liquidaci3n que practicar3 a Intervenci3n municipal.

5.2.2.- Examinado o expediente promovido por SAT ESCUADRO N3 859 XUGA, en virtude de instancia n3 4607 de data 09 de outubro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliaci3n de explotaci3n de gando vac3n, a situar na finca chamada A Cruz, referencia catastral 36052A116003100000RJ, nas proximidades do lugar de Cimadevila, parroquia de Escuadro (Silleda), segundo proxecto do Enxe3eiro T3cnico Agr3cola D3 Francisco P3rez Donsi3n, visado polo Colexio Oficial en data 19 de setembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto t3cnico e demais documentaci3n foron admitidos a tr3mite.

RESULTANDO: Que cumpr3ndose os tr3mites de informaci3n p3blica, constando no expediente notificaci3ns persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicaci3n no B.O.P., non existindo alegaci3ns, e incorporando o informe do Asesor T3cnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 11 de decembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto t3cnico re3ne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensi3n e detalle, as caracter3sticas da actividade, s3a posible repercusi3n sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidad3n e s3a adecuaci3n o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto 3 conforme co uso urban3stico asignado para a zona non est3 en contradicci3n co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, resp3tanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4607/07 instada por SAT ESCUADRO Nº 859 XUGA, para ampliación de explotación de gando vacún, a situar na finca chamada A Cruz, referencia catastral 36052A116003100000RJ, nas proximidades do lugar de Cimadevila, parroquia de Escuadro (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia, unha evz obtida a autorización autonómica previa solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e remitirase completo á delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

5.3.- Escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 7783, de data 10 de decembro de 2007, remitindo escrito de Dº Luis Fernández Calvo denunciando en recheo nunha finca lindante cun regato afluente do río Deza.

A Xunta de Goberno Local, vista a denuncia formulada, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que realice un informe de comprobación dos feitos mencionados.

5.4.- Dase conta do escrito recibido en data 5 de decembro de 2.007, con número de rexistro 7721 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm 3 de Pontevedra, polo que se remiten as sentencias dictadas por éste Xulgado o 18 de xullo de 2.005 e pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia de 4 de outubro de 2.007, e se require a este Concello para que no prazo de 10 días se proceda a levar a puro e debido efecto as mesmas, adoptándose as resolucións procedentes para o seu cumprimento.

Visto que a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso -Administrativo núm 3 de Pontevedra, en data 18 de xullo de 2.005 resolve o procedemento iniciado mediante recurso contencioso administrativo interposto por D. Albino Suárez Mosquera contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de data 6 de abril de 2.004 pola que solicitaba a declaración de nulidade das licencias concedidas a D. José Salgueiro Pérez por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2.003, dispoñendo no seu fallo a anulación das devanditas licencias de obra e actividade.

Visto que a sentenza dictada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia en data 4 de outubro de 2.007 desestima o recurso de apelación deducido contra a sentenza dictada en 18 de xullo de 2.005 polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Considerar anulada, de conformidade co disposto no fallo da sentenza dictada en 18 de xullo de 2.005 polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra, a licenza de actividade así coma tamén a licenza de obra concedida a D. José Salgueiro Pérez por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2.003.

SEGUNDO: Solicitar á Policía Local proceda a comprobar que no inmovible propiedade de D. José Salgueiro Pérez, sito no lugar de Cacho Frexende, parroquia de O Castro, non se está a realiza obra ou actividade algunha.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ó Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra.

6º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

6.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D^a M^a Carmen Iglesias Rey, con domicilio na rúa Lourás, nº 14-Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D^a M^a Carmen Iglesias Rey.

7º.- INTERVENCIÓN.-

7.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00034-07, de data 19 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 24.220,21 □□□ (Relación en Anexo adxunto)

Asimesmo, acorda aprobar a relación de facturas correspondente a débedas contraídas pola Corporación anterior, nº 00032-07, de data 19 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 11.717,69 □□□. (Relación en Anexo adxunto)

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaseis horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA